# MARZO 2026




ILUSTRACIÓN **PINTO & CHINTO**

**FEBREIRO**

| L | M | Me | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | 1 |
| 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 |
| 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 |
| 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 |
| 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | |

**ABRIL**

| L | M | Me | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 |
| 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 |
| 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 |
| 27 | 28 | 29 | 30 | | | |

LUNS · MARTES · MÉRCORES · XOVES · VENRES · SÁBADO · DOMINGO

**1** (DOMINGO)



***O novelista de Santander***
Na súa Cantabria natal morreu en 1906 o novelista da «tierruca» , José María de Pereda.

**2**




***O banquete de Conxo***
En 1856 celebrouse na carballeira de Conxo, preto de Santiago, o considerado como acto fundacional do Rexurdimento galego.

**3**



***Novo mapa de Galicia***
As Cortes aprobaron en 1822 unha nova ordenación do territorio na que as provincias galegas reducíanse de sete a catro.

**4**



***Madrid volve ser capital***
1606: Madrid volve ser capital de España tras uns anos en Valladolid, dando fin á operación do duque de Lerma, valido de Filipe III.

**5**

*DÍA INTERNACIONAL DA EFICIENCIA ENERXÉTICA*

**6**



***Memoria de Gabo***
O premio nobel de literatura Gabriel García Márquez, autor de *Cien años de soledad*, naceu en Aracataca, Colombia, en 1927.

**7**



***Laureado pola Coruña***
O poeta e xornalista Manuel Curros Enríquez faleceu na Habana en 1908 a causa dunha bronquite aos 57 anos.

**8**

*DÍA INTERNACIONAL DA MULLER*

**9**



***COMEZA A SEMANA DA PRENSA***
Estréase en 1842 a ópera *Nabucco*, de Giuseppe Verdi, o seu primeiro éxito, en La Scala de Milán.

**10**



***Primeira mensaxe***
«Watson, ven aquí, necesítote» foi a mensaxe que transmitiu Graham Bell en 1876 co aparello que acababa de patentar: o teléfono.

**11**



***Atentado de Madrid***
Terroristas islamistas voaron catro trens de proximidade de Madrid e provocaron 191 mortos este día (11M) do 2004.

**12**



***O diario de Ana Frank***
No campo de concentración de Bergen-Belsen faleceu en 1945 a nena holandesa prisioneira de 16 anos Ana Frank.

**13**



***Halley tiña razón***
O cometa que leva o seu nome acadou o seu perihelio en 1759, case tal e como predixera o seu descubridor 75 anos antes.

**14**



***O xenio da física***
Albert Einstein, matemático e físico que formulou a teoría da relatividade xeral, veu ao mundo en Ulm, Alemaña, en 1879.

**15**

*DÍA MUNDIAL DOS DEREITOS DO CONSUMIDOR*

**16**



***Unha escritora singular***
A escritora sueca Selma Lagerlöf, premio nobel de literatura, faleceu en 1940, na súa casa de Mårbacka, Suecia.

**17**

*DÍA INTERNACIONAL DO MAR*
A ONU determinou que se celebre para preservalo da contaminación. Só o 1 % da auga da Terra é doce, o resto está nos mares.

**18**



***«Esa voz é unha mina»***
Así se titulaba unha das películas do cantante Antonio Molina, pai de varios actores e actrices, que faleceu en 1992 aos 64 anos.

**19**




***Viva a Pepa!***
En 1812 aprobouse a primeira Constitución Española nas Cortes de Cádiz. Era o día de San Xosé e por iso o pobo chamoulle Pepa.

**20**



***A primavera***
Hoxe, ás 15 horas e 46 minutos, segundo o noso horario, producirase o equinoccio no hemisferio norte e comezará a primavera.

**21**

*DÍA INTERNACIONAL DOS BOSQUES*

**22**

*DÍA MUNDIAL DA AUGA*

**23**

*DÍA MUNDIAL DA METEOROLOXÍA*

**30**

***Vido a menos***
A Rolls Royce, buque insignia da industria británica do automóbil, foi comprada pola alemá BMW en 1998.

**24**

***Inventor do futuro***
Jules Verne, o escritor que predixo o futuro nas súas novelas, faleceu en Amiens en 1905 aos 77 anos.

**31**

***Símbolo de París***
Este día de marzo de 1889 inaugurouse a torre Eiffel, construída para a Exposición Universal dese ano.

**25**

*DÍA INTERNACIONAL DE SOLIDARIEDADE CO PERSOAL DETIDO E DESAPARECIDO*

**26**



***E parecía imposible***
Israel e Exipto asinaron a paz este día de 1979, aínda que con isto non se extinguiu o conflito en Palestina.

**27**

*DÍA MUNDIAL DO TEATRO*

**28**



***Dó por un poeta***
Miguel Hernández, o poeta do pobo, nado en Orihuela en 1910, morreu en 1942 no cárcere de Alacante aos 31 anos.

**29**



***Retirada de Vietnam***
As últimas tropas dos Estados Unidos, que apoiaban a Vietnam do Sur na guerra contra Vietnam do Norte, deixaron Saigón en 1973.